



-Contra a resolución expresa do recurso de reposición, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo perante a STSXG no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ó da notificación do acordo recorrido, segundo o disposto no artigo 46 LXCA.

-Contra a resolución presunta do recurso de reposición, que terá lugar transcrido un mes desde a interposición deste sen que fose notificado, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo perante a STSXG no prazo de seis meses, contados a partir do día seguinte a aquel no que a resolución do devandito recurso de reposición se debería ter notificado de forma expresa (un mes desde a interposición deste), todo iso de acordo co disposto no artigo 46 LXCA en relación cos artigos 116 e 117 LRX-PAC.

Arteixo, 25 de agosto de 2003.

María Isabel Vila Vilas
Alcaldesa en funcións

CONCELLO DA CORUÑA

Anuncio (EDD 4/2003).

O Pleno do Concello, en sesión realizada o día 1 de setembro de 2003, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

Primeiro.-Aprobar definitivamente o estudo de detalle para reaxustar aliñacións e rasantes e ordenar volumes de acordo coas especificacións do plan xeral, así como para completa-la rede de comunicacións do citado plan coa vía interior necesaria para proporcionar acceso ás edificacións resultantes, no ámbito do polígono de solo urbano non consolidado denominado Palavea I (código identificativo, H14.01), promovido pola comisión constituída para a xestión do polígono.

Segundo.-Notificarlle este acordo á comisión xestora da área e solicitar desta a presentación no rexistro xeral municipal, e no prazo máximo dun mes desde que reciban a notificación, de dous exemplares do estudo de detalle idénticos ós previamente presentados con data do 3 de xullo de 2003.

Terceiro.-Publicar este acordo, no prazo máximo dun mes, no *Diario Oficial de Galicia* e no BOP e comunicarlle a aprobación ó conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, dándolle traslado dunha copia autenticada do expediente administrativo e de dous exemplares do instrumento aprobado definitivamente.

Cuarto.-Dilixenciar planos e memoria do estudo de detalle na súa integridade co selo de aprobación definitiva.

Este acordo pon fin á vía administrativa, podendo interpor contra este, con carácter potestativo, recurso de reposición perante o órgano que o dictou, no prazo dun mes, ou directamente recurso contencioso-administrativo perante a sala correspondente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte a aquel no que se practicou a noti-

ficación ou, se é o caso, a publicación; todo iso de conformidade cos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, en relación co artigo 46 da Lei da xurisdicción contencioso-administrativa, do 13 de xullo de 1998, sen prexuízo de calquera outro que considere pertinente.

O que se publica para xeral coñecemento.

A Coruña, 4 de setembro de 2003.

José Luis Méndez Romeu
Concelleiro delegado de Urbanismo

CONCELLO DE OURENSE

Anuncio.

De conformidade cos artigos 59.4º e 61 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, do 26 de novembro de 1992, faise público, para as persoas que a continuación se relacionan, xa que intentada notificación persoal esta non puido ser practicada, que:

O Concello Pleno en sesión ordinaria do día 30 de xuño de 2003, adoptou o seguinte acordo:

«O Concello Pleno, por unanimidade, acordou:

1. Resolve-las alegacións formuladas ó PERI do Conxunto de Interese Etnográfico de Seixalbo, de conformidade cos informes técnicos do equipo redactor, dos que se dará traslado ós interesados para os efectos de motivación.

2. Aprobar definitivamente o Plan Especial de Protección Reforma Interior do Conxunto de Interese Etnográfico de Seixalbo. E

3. Na fase de xestión do Plan estudiarase en cada unha das áreas de reparto a viabilidade económica para efectos de financiamento polo concello do exceso de custos de urbanización que nalgunha delas puidera producirse.

O que por ordes do alcalde-presidente lle notifico advertíndolle que o dito acto pon fin á vía administrativa.

Contra a presente resolución, que é definitiva en vía administrativa, poderase interpoñer con carácter potestativo recurso de reposición ante o mesmo órgano que a dictou, no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ó da recepción da presente notificación.

Contra a desestimación expresa do recurso de reposición, se se interpusesen, ou ben directamente contra a presente resolución poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses contado a partir do día seguinte a aquel no que recibe a presente notificación.

Non obstante, igualmente poderá utilizar calquera outro recurso que estime procedente.

Dolores González Casares.
José Fernández Santiso.
Indalecio Cid Álvarez.
César Pérez Freire.